

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DA CORUÑA DO DÍA 18/10/2021

Lugar: Salón dourado

Horario de comezo: 16.30 h

Data: 25/01/2024

Horario de remate: 17.55 h

Membros do Concello: presidente, secretaria e Conselleiros do Consello Escolar Municipal.

ASISTENTES

- **PRESIDENTE:** Juan Ignacio Borrego Vázquez. Concelleiro de Educación, Emprego e Relacións Institucionais.
- **SECRETARIA:** Sagrario Ron López. Actualmente xefa de Departamento de Educación
- **INVITADOS POR PARTE DA CONCELLARÍA:**
 - Carlos Santos Guerrero, director de Área de Educación, Emprego e Relacións Institucionais.
 - Juan Antonio Pintos López, Conselleiro Técnico de Educación e Emprego
 - Carmen Pita Seijas, Coordinadora da Área de Benestar Social
 - Eudoxia Neira Fernández, Concelleira Coordinadora da Área de Benestar Social

CONSELLEIROS/AS:

- **1 representante da Administración Educativa**
 - Rubén Ponte Justo (xefe do Servicio da Inspección Educativa)
- **10 membros nomeados pola Corporación Municipal (8)**
 - Susana Aldao Linares (directora da Escola Oficial de Idiomas)
 - María Felicidad Casás López (directora EIM Luis Seoane)
 - Antonio Leonardo Pastor (presidente da Asociación Provincial de directores de Centros Públicos da Coruña)
 - María Estrella Pérez Freire (directora do IES Ramón Menéndez Pidal)
 - María Luisa Varela Insua (presidenta da Federación das Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana).
 - Héctor Pose Porto (Profesor da UDC do Departamento de Pedagogía Didáctica)
 - María Dolores Candedo Tunturiz (membro da Nova Escola Galega. NEG).
 - Patricia Varela Fernández (presidenta da Asociación Socio-Pedagóxica Galega. AS-PG).

- **6 representantes de nais/pais de alumnos/as, propostos polas Federacións de ANPAs (5)**
 - Patricia Ferreiro Gómez (secretaria da Federación Provincial de ANPAS de centros públicos da Coruña).
 - Ana Isabel Sanclaudio Luhía (centros públicos. Vogal da FEDAPAS)
 - Lidia Paz Lamela (centros públicos. Vogal da FEDAPAS).
 - Fernando Torrado Rivas (centros privados-concertados. Presidente da Federación Autonómica de Centros de Ensino Privado. FAPA).
 - Iganacio Louro Ojea (centros privados-concertados. Vogal da FAPA).

- **10 profesores/as de niveis educativos de ensino non universitario: 6 do sector público e 4 do sector privado (8)**
 - Rosa María Urbano Rey (ANPE. Sector Público)
 - Celia María Armas García (CIG-Ensino, sector público)
 - Carlos Seco González (CIG. Ensino, sector público)
 - Maria Barca Gómez (CIG. Ensino, sector público)
 - Carmen Ginés Mayor (CCOO. Ensino, sector público)
 - Marta Domínguez Tenreiro (CCOO. Ensino, sector privado-concertado)
 - Luis Román Suárez Canedo (FSIE, sector privado-concertado)
 - Mónica Fernández Besteiro (FESP-UGT, sector privado-concertado)

AUSENTES

- Ignacio Gay Irago (presidente da Federación Autonómica de Centros de Ensino Privado. CECE Galicia)
- María José Lombardía Cortiña (Vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade da UDC)
- Jacobo Mosquera Martínez (centros públicos. Vogal de FEDAPAS)
- José Rubén Barrán Ferreiro (CCOO. Ensino, sector público)
- Joaquín Martínez Abad (FSIE, sector privado-concertado)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da última reunión do Consello (18/10/2021)
2. Presentación da programación educativa para o curso 2023-2024.
3. Aprobación do novo Regulamento de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal (CEM)
4. Exposición do novo contrato de mantemento
5. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta da última reunión

Apróbase a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, correspondente ao 18.10.2021.

2. Programación educativa prevista para o curso 2023-2024

O Concelleiro informa aos membros do Consello das novas programacións ofertadas no o presente curso escolar. Saliéntase a incorporación foro de programa do programa municipal *Vai a banda*, programa musical desenvolto pola Banda Municipal de Música con unha fantástica acollida por parte dos centros escolares.

A representante da CIG demanda a presenza de máis actividades de fomento da lingua galega.

Pola súa banda, a representante de CC.OO, Carmen Ginés solicita a inclusión da FP Básica nas actividades ofertadas.

Tómase nota destas dúas suxestións de cara a unha proposta de futuros.

3. Aprobación do novo Regulamento de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal (CEM)

Neste punto hai dúas suxestións: unha por parte da Presidenta da Federación veciñal instando a un esforzo para fomentar a participación no CEM do alumnado e outra por parte da vogal de FEDAPAS suxerindo que dentro desta participación deberían estar representados os ciclos de FP e Bacharelato.

Apróbase por unanimidade

4. Exposición do novo contrato de mantemento

Exponse o estado actual tanto do orzamento como do contrato de mantemento de centros públicos de infantil e primaria. Salienta o Presidente a boa nova de contar cun orzamento aprobado neste ano así como do incremento económico contemplado neste para esta finalidade.

O Presidente da Asociación Provincial de Centros Públicos fai constar que está canso de escoitar o mesmo argumento sen ver feitos. Insta a que precisa unha data aproximada da formalización deste novo contrato ante a precariedade do mantemento actual.

Dentro deste punto a vogal da FEDAPAS, Ana Isabel Sanclaudio, fai constar as queixas de limpeza nos centros educativos por considerar que non se están realizando como se debería.

5. Rolda de intervencións

Héctor Pose, profesor da UDC: propón que o CEM sexa un Consello consultivo non vinculante no que atinxe ao fenómeno educativo na cidade, sendo este un espazo para o debate para todo tipo de cuestións educativas.

Marta Domínguez, representante de CC.OO propón chegar a acordos de cesión de instalacións deportivas para os escolares. A este respecto o representante autonómico sinala que isto non pode ter un carácter permanente, en todo caso complementario e puntual.

Carmen Ginés, representante de CC.OO, pregunta polos representantes municipais nos centros educativos. Dáselle resposta que vaise proceder ao seu nomeamento en breve.

Pregunta tamén polo transporte para as actividades, pola necesidade de reforzo escolar para os nenos de FP Básica e solicita axuda dos Servicios Sociais.

A concelleira de Servicios Sociais, presente na xuntanza, expón que é coñecedora da problemática existente e enumera os recursos cos que conta os Servicios Sociais municipais a este respecto.

ACORDOS:

1. Apróbase a acta da sesión anterior, de carácter ordinaria, correspondente ao 26/01/2021.
2. Acórdase aprobar o Regulamento de Organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal.
3. Acórdase estudar as propostas e suxestións expostas de cara a darlle unha resposta o mais axiña posible.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria,

Visto e prace
O presidente

Sagrario Ron López

Juan Ignacio Borrego Vázquez